



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO

Resumo do tratado o día 11 de maio 2007 na reunión celebrada na FGM (sala de reunións do Edificio das federacións galegas en Vigo) sobre a Proposta independente de “reequipación e acondicionamento das Vías clásicas de Faro Budiño”

Entre os convocados asistiron os seguintes:

- Representantes dos promotores da proposta mencionada:
 - Juan Pedrido
 - Amalia Carril Comesaña
 - Javier Carril Comesaña
- Director da Escola Galega de Alta Montaña (EGAM) e o seu Comité Técnico:
 - Antonio Rodríguez Pena (Director EGAM)
 - Gustavo Vázquez Fariña (Comité Técnico EGAM, asesor Director)
 - Luis Arocas (Comité Técnico EGAM, Vogal de Escalada en roca)
- Vogal de Infraestructuras e Equipamentos de Escalada da FGM:
 - Miguel Seoane
- Representantes dos seguintes clubs:
 - Club Montañeiros Celtas: Alberto Fontenla
 - Club Peña Trevinca – M. Galicia: Ricardo Moratinos
 - Club de Montaña Serra do Suído: Luis Solla
 - Club Montañeiros de Pontevedra: José Juan Domínguez
 - Clube de Montaña e Escalada Azimut: José Antonio Villar
 - Club de Montaña Niño do Corvo: Juan Pedrido
 - Grupo de Montaña Alud: Abraham Vázquez

Á reunión asistiron un total aproximado de 25 persoas.

Texto do documento presentado por un grupo de escaladores na FGM, que demos en chamar “Proposta”, motivo polo que se celebrou esta reunión:

Reequipación y acondicionamiento Vías clásicas de Faro Budiño

1º Criterio

Después de mantener múltiples reuniones por los escaladores que actualmente y desde hace ya varios años, siguen practicando asiduamente la escalada en Faro Budiño, se llega al acuerdo de reequipar y acondicionar vías abiertas en el Budiño entre los años 1960 y 1980, que están sin ninguna equipación o con viejos buriles.

>>>



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO

2º Criterio

Dichas vías cuentan con nulas repeticiones, y algunas sólo se repiten ocasionalmente, en sus tramos más asequibles.

3º Criterio

En anteriores acuerdos de escaladores, se decidió no equipar algunas clásicas para obligar a los escaladores a utilizar seguros recuperables y de esta forma mejorar el nivel técnico tanto de los escaladores habituales como de las nuevas generaciones.

4º Criterio

Los objetivos de dicha reunión no fueron alcanzados, ni por los que en su día plantearon dicho acuerdo, ya que hoy prácticamente no se escala aquí, ni por las nuevas generaciones que nunca vinieron y menos a escalar dichas vías.

1ª Conclusión

Creemos que hoy la zona escuela de Faro Budiño está infrautilizada y sólo se utilizan prácticamente las vías equipadas con seguros fijos.

2ª Conclusión

Los nuevos seguros serán instalados en las vías de forma racional, evitando la proliferación masiva de elementos, respetando la exposición inicial del aperturista.

3ª Conclusión

Hemos hablado con los aperturistas de algunas de las vías, para pedir su opinión sobre la equipación que se va a llevar a cabo, siendo totalmente favorables a dichas actuaciones.

4ª Conclusión

La existencia de seguros instalados exige a cualquier escalador que se precie de utilizarlos o no según convenga a su criterio, sin necesidad de eliminar dicha instalación pensando egoístamente que los demás tampoco deben de usarlos.

5ª Conclusión

La existencia de seguros fijos no impide la utilización de seguros recuperables por todos aquellos que lo quieran practicar.

Por todo ello procedemos a informar a la Federación Galega de Montañismo y clubes de montaña de cuales serán las actuaciones concretas.

VÍAS

*VÍA LACTEA 1-2 parabolt en el primer largo
CRUCIGRAMA 1 parabolt en el primer largo
CARRAPUCHEIRIÑA 1 parabolt en el primer largo
ANA 2-3 parabolt en el primer largo
CELTAS 1 completa incluido reuniones*

>>>



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO

CELTAS 2 completa incluído reuniónes
NIDOS completa incluído reuniónes
DIEDRO MARCUÑO completa incluído reuniónes
VARIANTE TONIO vía completa
CICATRIZ vía completa
ALFANGE segundo largo
KUKI último largo
PAIS completa incluídas reuniónes
NENOS completa incluídas reuniónes
TXIMIST completa incluídas reuniónes
ZIPI ZAPE vía completa (entre 5 y 6 parabolts)
PACHOCHIÑA vía completa (entre 5 y 6 parabolts)
PINOS lo que falta de la vía
REINA lo que falta de la vía
BUR LANCASTAR vía completa

Dicho proxecto se executará a lo largo del presente año. Algunhas vías están en período de valoración, por lo que tal vez non se llevese a cabo dicha equipación. En todo caso se informaría debidamente.

Hemos procedido a recabar firmas de los escaladores habituales de Faro Budiño para demostrar que nuestra decisión non obedece a ningún tipo de obcecación personalista, sino que nos hemos guiado por el interés colectivo.

[Nota: Esta proposta ven apoiada co nome de 19 persoas]

A reunión comezou ás 19.15 horas. Iniciouse coa intervención de Sechu López, Director Técnico da FGM, que exerceu como moderador, lembrando que esta reunión é de libre asistencia, é dicir, que ademais dos convocados, podía asistir toda persoa que o desexara, federada ou non. Pidiu aos intervinientes que non se repitan os mesmos plantexamentos, é dicir, que o que se teña dito por algún dos asistentes non o repita outro con posterioridade.

A continuación, o moderador fai lectura do texto da convocatoria:

Un grupo de escaladores ten presentado na FGM unha proposta de “reequipación e acondicionamento das Vías clásicas de Faro Budiño”. Ante a polémica que ten suscitado esta proposta e as posturas enfrontadas entre colectivos de escaladores, e sobre todo pola repercusión que calquera actuación pode ter nunha das mellores zonas de escalada de Galicia, como é Faro Budiño, a FGM e de acordo cos promotores da proposta, convoca unha reunión para debater a situación actual e intentar consensuar uns criterios básicos para a conservación das vías de escalada, evitando actuacións individuais que transformen en maior ou menor medida o carácter dalgunhas vías, en beneficio do deporte da escalada e as súas diversas formas, así como de todo o colectivo de escaladores presente e futuro.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO

Os convocados tiveron unha quenda de palabra inicial para facer a exposición do seu punto de vista respecto do proxecto de reequipamento presentado. A continuación foron intervindo os asistentes que o desexaron, pedindo a palabra ao moderador de forma ordenada, de xeito que se conseguiu unha ampla e bastante serena participación.

Comeza Juan Pedrido, como Representante dos promotores da proposta e do Club de Montaña Niño do Corvo, que iniciou a súa intervención dando lectura ao seguinte texto:

Un grupo de personas llevamos esperando casi diez años para volver a plantear esta cuestión de nuevo, puesto que en la reunión que aconteció la última vez en el Bar Uxia, solo quedaron contentos la gente que no quiso equipar las fisuras, ni los que querían algunas ni los que queríamos todas, estuvimos de acuerdo con el resultado, pero sometidos a la mayoría hemos respetado este acuerdo.

Quizás la equipación de la vía Pinos debería ser después de esta reunión, quizá el momento en la que se realiza la equipación hiere sensibilidades, pero no se ha realizado con "alevosía y nocturnidad", y menos con la anarquía que algunos quieren hacer ver a los demás.

Respetuosamente se ha pedido la opinión de muchos escaladores que frecuentan el Budiño, antes de que esto haya sucedido, se ha hablado con los aperturistas dando ellos su aprobación, también se tanteo a aperturistas de otras vías para ver su parecer siendo todos partidarios de estas opciones.

El debate es ahora y en este momento, por parte de los escaladores, que somos los que debemos resolver esto para ahora, no somos partidarios de dar ningún tipo de protección de carácter histórico, a la escuela de escalada, ni a esta ni a ninguna otra.

Cualquier tipo de protección en este sentido sería hipotecar las posibles evoluciones de la escalada y su implantación en la escuela.

Partidarios de equipar aquí y ahora todas las fisuras, somos conscientes que en un futuro el debate puede ser al revés, incluso puede que podamos nosotros participar en el o no el tiempo lo dirá, e incluso es posible que personas que apoyan hoy la equipación, no lo hagan en el futuro, igual que pasa al revés en esta ocasión, personas que no querían equipar las fisuras en la anterior reunión, hoy son conscientes que después de varios años esas vías no han conseguido, enganchar a un publico nuevo, y el antiguo las ha dejado un poco de lado.

Entendemos, respetamos, pero no compartimos las razones que esgriman otros para no equipar, no queremos que un organismo pase a tener el control de las escuelas, si no que debemos ser los escaladores los que debemos adquirir responsabilidades sobre las zonas donde escalamos, estas deben ser siempre de acuerdo a nuestro parecer con respecto a los demás, como siempre se ha hecho, no en vano llevamos diez años esperando esto y nunca hubo malos rollos en el monte.

Debemos estar mas unidos que nunca, aunque este tipo debates puedan parecer que nos separan, es bueno puesto que quiere decir que la escalada nos importa, tanto a unos como a otros, se avecinan malos días para los accesos al monte, hemos perdido una zona de gran valor para la escalada, en breve es posible que perdamos el acceso al monte como lo venimos haciendo casi a diario, con nuestro coche casi a pie de vía, un nuevo reglamento [da Xunta de Galicia] que entró en vigor este mes y que se deberá estudiar con mucho detenimiento.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO

Nuestro compromiso en caso de disponer los apoyos suficientes, se afianza en cuatro pilares básicos, aunque casi todos son de perogrullo:

Seguridad. Es evidente aunque no se esté de acuerdo con la equipación, que al realizarla se aumenta la seguridad.

Respecto. La inestimable labor de sus aperturistas y equipadores, los cuales deberían ser tenidos muy en cuenta a la hora de abordar cualquier acción de equipamiento de las vías, y hay que agradecerles las muchas horas de disfrute de sus itinerarios.

Limpieza de la vía, cuanto más se realice la vía mas limpia estará esta, no acumulando hierbas y demás.

Promoción, escaladores que no tengan confianza suficiente en su técnica, para usar “cacharos”, o no encuentran quien les ayude a mejorar esta, podrán fajarse en condiciones de seguridad. Otros que no tengan la oportunidad de comprarlos pues podrán disfrutar de todos estos itinerarios.

Lo nuestro es un compromiso de responsabilidad, como dice en la carta enviada a la federación [a Proposta], donde nos comprometemos en un plazo corto de tiempo a realizar estos trabajos.

A continuación dáse a palabra aos representantes dos Clubs que queiran dar a súa opinión:

Grupo de Montaña Alud

Abraham Vázquez, Vogal de Escalada do Grupo de Montaña Alud, comeza dicindo que inda que os promotores da proposta alardean de buscar consenso entre os escaladores locais da zona, está claro que hai un grupo bastante grande de escaladores, con moitos anos escalando en Budiño, que non están de acordo con que haxa existido ese consenso pois non se teñen decatado de nada, de feito decatáronse unha vez equipada a vía “A Pinos”.

Di que na reunión do Club de Montaña Alud que convocaron para tratar este asunto, á que asistiron cerca de 20 persoas, entre directivos, socios veteranos e organizadores das Xuntanzas de escaladores en Budiño, chegaron a tres conclusións moi concretas:

1ª.- Non están de acordo “en absoluto” con que se leve a cabo a proposta presentada, por considerala unha atrocidade.

2ª.- Esixir o desequipamento inmediato da vía “A Pinos” e que se faga co maior respecto posible.

3ª.- A esto hai que darlle unha solución. Propoñen crear un Comité de Regulación da escola de Faro Budiño, lexislado e organizado pola Federación Galega de Montañismo, que sería o responsable de valorar este tipo de Propostas, formado por persoas cualificadas, titulados que podan valorar o concepto de seguridade das vías e o seu carácter histórico, debe respectar a escalada alpina como se ten practicado sempre e en todo o mundo.

Pon exemplos similares, como poñer chapas nos boulders co mesmo criterio (que os da Proposta) de quen queira as usa e quen non pois non, pero eso xa nos sería boulder senón vías de escalada deportiva; outro exemplo sería quitar os seguros do Galiñeiro, co criterio de que a evolución da escalada é esa; en calquera caso estaríamos entrando nunha guerra. Para evitar enfrontamentos consideran o máis correcto, por decisión unánime, que debe existir un Comité de Regulación.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO

Presenta un informe do Grupo de Montaña Alud no que detallan as razóns polas que non están de acordo cos equipamentos propostos, as razóns polas que non debe estar equipada a vía A Pinos, e explican tamén cales serían as responsabilidades do Comité de Regulación e dar unha idea de como sería ese Comité que unha vez se estea formando habería que matizar e detallar certos asuntos. Fai entrega do Informe [vai como adxunto ao final deste resumo da reunión].

Club Montañeiros de Pontevedra

José Juan Domínguez, membro da EGAM, asiste en representación de Club Montañeiros de Pontevedra. Comeza comentando que no seu Club actualmente poucos socios fan escalada, sendo el o que leva máis anos e realiza varios tipos de escalada, polo que foi elixido para representalo. Le un texto elaborado por el e que foi ratificado pola Xunta Directiva do seu Club:

Exposición acerca de la problemática del equipamiento de las fisuras en Faro Budiño:

Somos conocedores de que dentro de la escalada conviven diferentes estilos, el respeto entre ellos es fundamental, como así viene siendo tradicionalmente en Faro Budiño.

Desde el respeto, la evolución de la escalada debería ir encaminada a conservar y potenciar, sobre todo las vías de corte clásico que son testimonio de la historia, llevando a cabo reequipamientos sin alterar la personalidad de las mismas.

A su vez las vías de autoprotección representan un estilo muy vinculado a la escalada alpina o de compromiso, las cuales han servido durante varias generaciones para que escaladores locales se formasen en este estilo, de cara a proyectos tanto dentro como fuera de Budiño.

La instalación de anclajes fijos elimina el compromiso, e incluso lo minimiza aunque no se usen, ya que aportan un apoyo psicológico extra. ¿Acaso sería ético instalar cuerdas fijas en las montañas clásicas, o bien chapas y descuelgues en los bloques, con el fin de que solo las usaran aquellos que quisieran?

El hecho de que Faro Budiño se considere por algunos como una escuela deportiva no quita que se trate de un entorno natural y como tal no pertenece a ningún colectivo en exclusiva. Tengamos en cuenta que en estos momentos representa el mejor escenario para la práctica de la escalada de autoprotección de todo el sur de Galicia. Para los foráneos Budiño ofrece líneas puras y limpias que suponen un verdadero desafío, el mismo que tal vez muchos de nosotros buscamos en otras zonas, entonces ¿por qué Faro Budiño no puede ser un destino en sí mismo en vez de convertirlo en un rocódromo de fisuras? ¿Y si todos hiciesen lo mismo? Tal vez el objetivo es cargarse esta disciplina. Nadie impide a nadie ascender determinadas rutas, tan solo se trata de respetar diferentes éticas y en el peor de los casos actuar con el consenso de la mayor parte de los implicados; la ausencia de amplio consenso provocaría consecuencias que habría que valorar antes de tomar decisiones a la ligera.

Tal vez el desconocimiento de esta disciplina por parte de una mayoría les impida tomar una decisión coherente al respecto, basándose tan solo en la concepción de la escalada, como una mera actividad gimnástica a desarrollar exenta de todo riesgo.

Evidentemente, los hay que no compartimos esto y consideramos la escalada como una actividad física y mental la cual nos enriquece como personas.

Espero se comprenda y respete.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO

Club de Montaña Serra do Suído

Luis Solla, Presidente do Club de Montaña Serra do Suído, comenta que a posición maioritaria no seu Club (no que todos os socios son escaladores) é contraria ao equipamento das fendas.

Di que, inda que non comparte a opinión de equipar as fendas, os escaladores que apoian a Proposta teñen dereito a expoñer a súa opinión e defendela, e que como todas as posturas se merecen o respecto.

Respecto da Proposta di que os criterios desta non se corresponden coa realidade e responde punto por punto os criterios e conclusións expostos nesa Proposta:

1º Criterio (ver Proposta):

- Non existe tal acordo, xa que hai un importante número de escaladores habituais de Budiño que non apoian a Proposta.

2º Criterio. Que entende referido as vías relacionadas na propia Proposta

- É certo que hai vías de fenda que están abandonadas, pero hai máis de 20 anos (as Celtas, a Nidos, a Cicatriz, a Reina) polo que non é un proceso novo ni como consecuencia de novas tendencias. Pero tamén hai vías en placa ás que lles pasa o mesmo, polo que di que non é só un problema das vías de fendas. Pero o problema é que a maioría das vías da Proposta están en perfecto uso, ao alcance de calquera que queira facelas, de feito fanse.

3º Criterio

- Na reunión de hai 10 anos non se falou de ningún tipo de mellora técnica, falouse de que tipo de escola queríamos en Budiño, non había ningún obxectivo, só dicíase equipar ou non equipar, algunhas vías ou todas.

4º Criterio

- Dado que non había obxectivos, non se pode falar de fracaso ou de estratexia errada, porque tampouco había unha estratexia. É falso, sobre todo pouco elegante, dicir que os escaladores que daquela defendían as fendas xa non escalan. Tamén é falso que non haxa novas xeracións que fagan esas vías.

1ª Conclusión

- É certo que en Budiño escálase pouco, pero eso pasa practicamente en todas as vías -en Budiño hai unhas 170 vías- e cree que nin o 25% se escalan regularmente. En particular de A Pinos para abaixo só escálanse as vías de fisura porque case que ninguén vai a esa zona, e de A Pinos para arriba escálase: as vías de A Pinos, a zona de placas verticais, a zona da placa de Nando, o Crucigrama e algunha outra ocasionalmente.

2ª e 3ª Conclusión

- Fai a seguinte reflexión: ¿Que é respectar criterios de apertura en vías de máis de 30 anos? A escalada ten cambiado moito, polo que é difícil entender que é respectar criterios de apertura. A opinión do aperturista é interesante pero non vinculante, porque non é o propietario da vía, e menos despois de tanto tempo.

4ª Conclusión

- O que se está plantexando é: ¿que é escalar en fendas?. En fendas, ademais do grado técnico da vía hai outras variables, entre elas o concepto de autoprotección, sendo esta unha variable do xogo (a fenda concíbese como un terreo onde a autoprotección é posible). Se eliminamos a posibilidade de autoprotección ou a obrigação de que o escalador decida “como,



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO

cando e onde” coloca seguros, estámoslle quitando dificultade á vía. De ser isto así ¿Non estarán simplemente tratando de adaptar as vías aos escaladores e non ao revés?

Como final, di que quere pensar que na Proposta hai un problema de redacción no que respecta ao parágrafo seguinte ás conclusións, xa que di que se informa á FGM e aos Clubs de cales “serán” as actuacións concretas e o que sigue despois da relación de vías: “dito proxecto se executará a lo longo do presente ano”. Entende que isto é unha “proposta” e non una declaración de decisións tomadas, porque entón a cousa xa sería demasiado grave.

Clube de Montaña e Escalada Azimut

José Antonio Villar, que asiste en representación do Clube de Montaña e Escalada Azimut, di que basicamente xa esta todo enfocado e vai tratar unhas cuestións sentimentais. Leva 23 ou 24 anos escalando de xeito continuado en Budiño, tanto equipando como escalando como abrindo camiños. Pensa que ten unha opinión da evolución da escola de Budiño bastante axeitada.

Comenta que se decatou da Proposta de esguello, ninguén consultoulle nada. Comenta que a Proposta atenta ao que significa a escalada -que é un deporte de resgo- pretendendo dulcificar o medio e adaptalo as nosas posibilidades físicas ou mentais que non están en condicións para abordar certos retos. Hai xente que pretende que a escalada sexa algún día un deporte maioritario, e para facelo posible dulcifica o medio (instalación de chapas), pero pensa que a escalada non naceu para iso, que a escalada nos distingue doutros deportistas polas diferentes connotacións psicolóxicas que están no noso deporte que non están presentes noutros.

Di que temos en Budiño a grandísima sorte de contar cun tipo de liñas que nos ofrece un campo de traballo moitísimo máis amplo que noutras escolas. Hai vías de fendas (como a Oeste, a Abruzos...) que se lles metes chapas, a vía cambia radicalmente de ter chapas a facela sen chapas, porque os movementos e a secuencia cambian e por outro lado a dificultade cambia en 1 grado ou case, polo que temos un campo de traballo impresionante que o estamos vilipendiando. E non podemos esquecer que a escalada nace nas fendas, non nas placas.

Dicir como din os da Proposta que non equipar as fendas é coartar a evolución do deporte, o considera moi aventurado, e pon como exemplo aos escaladores británicos, australianos, checos... ninguén atreverase a dicir que a escalada británica ou australiana teña mermado o seu potencial por non ter equipadas as vías, xa que máis ben é ao contrario, por como miran a escalada, como a difunden polo mundo e como abordan os problemas da actividade.

Considera a Proposta un erro e suxire aos seus impulsores que se plantexen o “cacharreo” co único problema de que é caro, pero que é unha actividade moi gratificante, que se pode ensaiar, e si, ten algo máis de resgo, pero tamén máis emoción. O que non podemos é adaptar o medio, tense que poñer límites.

Os representantes de Club Montañeiros Celtas e Club Peña Trevinca-M. Galicia, declinan engadir ningún comentario ao xa exposto.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO

Miguel Seoane “Seo”, Vogal de Infraestructuras e Equipamentos de Escalada da FGM

Di crer que hai moita xente que quere ter as fendas equipadas. A súa opinión persoal acérase bastante ao que se ten exposto pola maioría, pero inda así di que é bo que haxa xente que queira equipar, que habería que empregar estas situacións, que non son novas (porque sempre hai alguén que se lle ocorre que algo está mal e fala cos seus amigos para cambiálo – todos temos metido a pata neso-) inda que isto xere controversia, xa que unhas partes ou outras revélanse, porque algúns están metendo a man como se estiveran traballando na propia casa, pero metendo a man na casa de todos, e a isto hai que poñer freo. Máis ala do que convén a cada un persoalmente ou ao que lle gustaría, estamos escalando en sociedade. Budiño e outras escolas son patrimonio de todos, teñen unha historia, unha evolución.

No momento actual, hai que aproveitar este impulso, evitar que se pare, e intentar regulalo.

Antonio Rodríguez Pena “Tony”, Director da EGAM

Aclara que presenta a postura da Escola Galega de Alta Montaña (EGAM). Manifesta que a EGAM a nivel da opinión persoal dos seus instructores escaladores, están en contra da Proposta e de equipar por regra xeral as fendas. Como organismo, a EGAM vela pola seguridade de todos os escaladores de Galicia, e acepta calquera proposta tanto de cursos coma de asesoramento de equipamento e restauración de zonas de escalada, pero non se ve ben como actuaron os da Proposta, primeiro equipar algunhas vías e despois pedir opinión, xa que se debería de pedir a opinión, escoitala, e logo decidir o que se fai.

A EGAM vería posible que se cambiara a forma ou o tipo de escalada dalgunha zona de Galicia se é froito do consenso da inmensa maioría dos escaladores, ou é unha decisión xeral de todo o interese colectivo é popular de Galicia. Pero a priori, á EGAM parécelle que a Proposta presentada está apoiada por un grupo bastante reducido para tomar unha iniciativa de tal envergadura.

Amalia Carril, como Representante dos promotores da Proposta

Comenta que os que apoian a Proposta é xente coa que contactaron durante varias fins de semana de escalada en Budiño, e que decidiron equipar a “Pinos” porque levaba uns 15-20 anos sen escalarse (este comentario foi moi contestado, o que provocou a interrupción da exposición de Amalia). Continúa coa intención de ler unha relación de persoas que se teñen sumado á Proposta, entre eles Toni Novás. Di que quere que se saiba con quen estiveron falando, pero finalmente non lee a relación de nomes.

Gustavo Vázquez “Gus”, do Comité Técnico da EGAM

Ante o alboroto xeral dos presentes tras a intervención de Amelia, di que esta reunión non ten que servir para que os escaladores non se podan nin ver cando estean en Budiño. Hai que respectar as opinións de todos, non hai que chegar a enfrontamentos persoais.

Juan

Di que non existe un censo de escaladores e que para a recollida de sinaturas seguiron o criterio de que quen escala pode asinar, e teñen un número de sinaturas, algunhas di moi interesantes. A súa idea é “un nome, un voto”, e engade que se trátase de votos de calidade tamén dispoñen de certo número de votos de calidade nesa relación de nomes.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO

Javier Carril, como Representante dos promotores da Proposta

Na súa opinión, Budiño coma zona escola debe ser para todo o mundo, onde todos podan practicar todo tipo de escalada. Comenta que para aprender a escalada alpina, necesítanse unhas vías axeitadas, non limpas totalmente, primeiro hai que aprender a técnica de fendas e os que non teñan moita idea de meter material ter un pouco de seguridade para ir practicando, non como se facía antes que éramos uns temerarios, esa non é maneira de aprender. Di que teñen a opinión de Martínez Novás de que se equipen as vías de fenda máis asequibles, para que a xente aprenda e lle colla o gusto á escalada alpina.

Afirma que teñen a sinatura de 60 escaladores que apoian a Proposta, entre eles, o seu irmán (Quino), “Oso”... xente coñecida.

Ábrese unha quenda de palabra para o resto de asistentes que teñan interese en aportar cousas novas.

José Luis Arocas, do Comité Técnico da EGAM

Aclara que a escalada deportiva non só é escalada en zonas con chapas, ese era un concepto dos anos 90, xa desfasado.

Quere dar algúns datos, considerando a Base de datos da editorial Desnivel: Están rexistradas 608 zonas de escalada en España, das que con chapas son 392 fronte a 212 de carácter mixto, como ata agora é Faro Budiño. Respecto da proporción entre zonas de escalada con chapas ou mixtas, comenta que en España de cada 3 zonas de escalada, 1 é de carácter mixto; mentres que en Galicia só temos 1 zona mixta de cada 7. Considerando que hai 18 zonas de escalada en Galicia, só dúas ou tres poden considerarse mixtas, é dicir, con vías a escalar con “cacharros” sen ter unha chapa ao carón que nos quite ese compromiso, e son: Cabo Prior e Faro Budiño, ademais doutra zona pequena preto de Prior. Dícese que a tendencia é a equipar todo, pero non é nada raro a existencia de zonas mixtas, entre elas moitas zonas de España moi recoñecidas e relata un bo número delas: Riglos, Pedriza, Monserrat, Vegacervera, El Cadí, El Chorro, Rocas de Mascún, Grazelema, Torcal... ademais de paredes en Picos de Europa, Gredos, Ordesa, Galayos... Polo que engade que non somos ningún bicho raro (os escaladores Galegos) por ter unha zona escola como Budiño, na que convivan os distintos tipos de escalada (zona mixta).

Bonifacio Pedro López “Boni”

Di ser o primeiro reequipador de Budiño, nos anos oitenta, que despois deixou 20 anos de escalar e volveu hai tres anos e atopou cousas que non lle gustaron, como as grandes vías de Budiño que lle daban carácter: a Calavera, a Alfange... que non se podían facer porque ninguén preocupábase da última parte (eran en artificial), entón el decidiu pola súa conta -e xa leva dous anos facéndoo- “reequipar, non equipar, reequipar”, é dicir, onde está un buril antigo o cambia por un parabolt de aceiro inoxidable no mesmo sitio, tratando de respectar ao máximo, e así ten recuperado varias vías que describe: Alfange, A Masca, a zona do Diedro do Marcuño... recuperando “largos” esquecidos. Respecto de “A Pinos” di que a ten feito dúas ou tres veces coa súa “manada” nos últimos tres anos, e que recentemente el reequipou as dúas



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO

últimas reunións porque presentaban problemas, deixando perfectamente preparada a vía, pero dúas semanas despois alguén meteu parabolts onde non era necesario ou onde ao metelos teñen modificado o nivel de compromiso da vía, e eso parécelle mal. Comenta que se o seguro está colocado o esforzo que se ten que facer nunha fenda non é o mesmo que se o tes que colocar, tamén varía a posición do escalador e a dificultade. Di que el leva dous anos reequipando nesa zona e o seu traballo non ten xerado polémica, máis ben ao contrario.

Engade que el ten aberto un sector novo na parte inferior de Budiño que chaman “moquegua”, limpando un tramo de 120 metros de parede, con esto quere dicir que se a xente quere equipar “poden buscar fendas novas”.

Tony

Responde ao comentario que fixo Javier Carril, conforme pódese presentar unha lista con nomes de peso, pero habería que definir que opinións son máis importantes que outras, que criterios deben decidir eso.

Fai un alegato de todos os profesores da EGAM e da EEAM da súa capacidade para ensinar e asegura que ensinar a escalar en fendas non pasa por equipar todas as vías, o que temos que plantexarnos e que onde se aprende a escalar é en sitios máis fáciles, non en fendas complexas, todo leva unha evolución, de feito esta ensinanza está regulada e leva bastante tempo de estudio. Para aprender a escalar en fendas non só temos o Budiño, tamén hai fendas equipadas no Galiñeiro, pero a xente non vai. O que non se pode é equipar todas as fendas.

Carlos Garrido Iglesias

Fala sobre as novas xeracións, colectivo ao que el pertence. Di que grazas a que hai vías en Budiño sen equipar, as fendas, uns cantos aprendemos e coñecemos o que é a escalada de autoprotección, e ningún tivemos problemas para facelo nesta zona. Se alguén quere aprender a escalar en fendas, Budiño, tal como está, é suficiente, só ten que ir e practicar como o fixeron eles. Engade que equipando todo estaremos privando aos que veñan despois, deste tipo de escalada, porque con chapas ninguén vaise preocupar de se existe ou non outro tipo de escalada e ninguén fará esas vías con material.

Luis Solla

Quere aclarar que o aprendizaxe debe ser persoal, cada un debe preocuparse de mellorar e aprender por se mesmo.

Di que en Budiño existe terreo para abrir novas vías, incluso no núcleo central de Budiño. Aí o aperturista ten a oportunidade de establecer o seu criterio.

José Juan

Comenta que a práctica é necesaria para acadar a mellora da técnica, por tanto hai que practicar en sitios coñecidos antes de afrontar retos en outros sitios, como exemplo di que el mamou moitos top´s en Budiño, para gañar forza e técnica (como outros o fan en vías de deportiva) e despois viaxou a outros lugares da xeografía española para traballar a mente empezando por vías de IV- e progresando pouco a pouco, ganado confianza e mellorando o seu nivel. O aprendizaxe é de moitos anos, con parabolts e máis doado pero non é o camiño.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO

Tony

Di que non se pode aseverar que equipar con parabolt é máis seguro que con friend. Pero comenta que se poderían poñer algúns parabolts en certos sitios, de ser necesarios por criterios de seguridade, por exemplo onde a calidade da roca non garante a seguridade cun friend.

José Antonio

Aporta como dato que en Monserrat, onde danse todas as tendencias, dun tempo para esta parte hai un intento de retomar os valores primixenios da escalada, hai xente incluso forzando artificiais moi duros, e a ninguén se lle ocorre instalar parabolts e empregan os chumbos que están postos (material de fai 20 anos). Para afrontar ese obxectivo pódese ensaiar, e cando te mires fisicamente ben, podes afrontar o reto psicolóxico de facer un A4 en libre, pero nunca alterando o criterio do aperturista, A4.

Abraham

Resume que hai dúas ideas, equipar ou non equipar, que temos que buscar unha solución a este asunto, xa temos unha vía equipada e un grupo de escaladores ten unha Proposta de equipar todas as vías de Budiño, excepto a Paco Martínez e a Ena, e pregunta que vamos a facer con A Pinos, pois el pensa que debe de ser desequipada.

Luis Solla

Apoia o que di Abraham.

Opina que os que apoian a Proposta teñen un interese real en que Budiño sexa un bo sitio para escalar, pero considera que na Proposta hai un erro grave de plantexamento porque quizás o que asusta é ver un volume tan grande de fisuras a equipar, o que xera un importante rexeite.

El di ser partidario de non equipar ningunha fenda, incluso a súa opinión é máis radical, desequipar todas as fendas. Pero entende que haxa un interese por equipar algunhas vías e que deberíamos de chegar a algunha solución de compromiso, inda que esta reunión pode non ser o ámbito máis axeitado para tomar unha decisión.

Pablo Martínez

Como Secretario do Grupo de Montaña Alud avala o exposto por Abraham, a quen agradece o peso de defender sempre a postura do Club, incluso en foros de internet.

Di que fai dez anos, cando a anterior reunión no Uxía, inda que non asistiu, el era favorable a que se equipasen algunhas vías, porque así para el sería máis fácil ese terreo.

Respecto do que se ten comentado da escalada no estranxeiro, engade a súa experiencia persoal de 6 meses en Alemaña, en zona de arenisca, onde a ética local prohibía a escalada con magnesio, as chapas e os cacharros, só se podían empregar pontes de roca e empotres con cordino, e que sendo o seu nivel de 6a+ a vista en Gali e Budiño, alí levoulle 4 meses facer un IV+ de primeiro, o que comenta a modo de referendar o nivel de cada cal en outras zonas.

Respecto da Proposta, a critica, di que xa o seu título é enganoso, pois “acondicionamento e reequipamento” non se corresponde co que realmente se pretende realizar e de feito xa fixeron na Pinos.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO

Comenta que en Alemania, como foráneo, el respectou e non criticou, incluso mostrou satisfacción polas regras dos escaladores locais, quen ademais defenden o seu estilo e están moi orgullosos del. Neste contexto o que é cambiar a ética da escola de Budiño, considera moi chamativo atender contra os poucos reductos que nos quedan deses estilos nos que o compromiso psicolóxico xoga moito na partida, é unha pena e el oponse, e engade que algúns largos míticos perderían valor, ese áurea que posúen, e el perdería o desexo de realizalas.

Como aporte de solucións, a necesidade de levar a cabo a proposta do Comité, pero di que non se debe decidir aquí a súa estrutura, que se debería facer a posteriori, sendo fundamental o papel da Federación para definir como estaría composto e como funcionaría.

Miguel Ángel Siesto

Apunta como posibilidade o que dixo Luis Solla, que el tomaría unha postura máis radical, que se non se equipan esas fendas, sería bo desequipar todas, para ter o mesmo criterio en todas.

Di parecerlle moi ben o Comité Regulador, que debería estar xestionado pola Federación, pero tamén que fose un Comité de mantemento de vías, pois algunhas están moi sucias.

Seo

Di que é unha pena que a favor da postura de equipar as vías non haxa máis argumentos, porque é bo escoitar todas as opinións inda que sexan minoritarias.

Engade que de cara á formación dun Comité, xa se pensou nesa posibilidade na reunión de fai uns 10 anos, sobre todo para ter en conta a opinión do colectivo, que non houbera accións particulares, moitas veces a escondidas. Ciclicamente é necesario cambiar algún seguro, unha reunión... O mantemento de vías, no que respecta a limpeza de vías e de accesos non suscita problemas. Pero o que se plantexa agora necesita unha solución.

Di que xa que temos a Federación, un organismo xa creado que nos acolle a todos e que recolle os intereses dos montañeiros, debemos empregalo. Por tanto a Federación debería ser o organismo competente para o tema de Budiño.

Respecto do voto de calidade o considera importante, pois comenta que xa se ten demostrado que as reunións asemblearias e voto por voto non teñen sentido, e que hai xente que ten demostrado cos anos a súa traxectoria, de estar implicados, que están dispostos a traballar polo tema, lamentablemente a democracia tal cal neste caso sería unha tiranía e a el non lle parece xusto. Engade que habería que retomar que os clubs da zona tiveran un representante dos seus escaladores para ir vendo que facer con Budiño. Débense atopar términos medios, axeitados á realidade evolutiva de Budiño.

Sesé

Fala do tema do mantemento e comenta que en Budiño ela ten limpado os camiños coa desbrozadora.

Opina que algunhas vías de fenda non se deberían de equipar: Alfange, a Carra, a Ena... pero outras fendas están abandonadas e se alguén se curra a súa limpeza e as equipa non ve problema, hai moitas fendas en Budiño e tamén na Peneda.

Propón que a xente curre un pouco máis, ademais de escalar, que se implicara no mantemento.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO

Abraham

O comentario de Sesé parécelle importante, no tema das vías está de acordo en que non todas as vías de fenda teñen o mesmo carácter nin o mesmo estilo.

Di que a idea dos da Proposta é respectable, pero considera que equipar a Pinos antes desta reunión foi un erro, polo que o Club Alud propón o seu desequipamento e a posteriori buscar unha solución ao problema, de forma consensuada.

Di que teñen a idea do Comité de Regulación porque está claro que ni uns van cambiar a súa maneira de ver este asunto nin os outros a súa, o debate sería estéril porque cada un daría os seus argumentos sen chegar a acordo nin solución. Lee a proposta de Alud sobre o Comité de Regulación (*o que está en cursiva*), di que é unha idea e vai facendo comentarios.

Crear un comité de regulación para el control de las acciones que se puedan llevar a cabo en el futuro en la escuela del Faro de Budiño.

El comité debe estar designado desde un organismo oficial y formado, como la F. G. M. , imparcial y con respeto hacia todas las disciplinas de la escalada, con conocimiento de la historia de la escalada en este País. Los miembros del comité, designados desde la F. G. M. deben cumplir algunos de los siguientes requisitos:

- *Representación de todas las disciplinas de la escalada presentes en la escuela. En Budiño practícase boulder, escalada deportiva, escalada artificial, escalada clásica...*

- *Tener una formación y titulación como técnico o monitor de escalada para la realización de análisis en concepto técnico de seguridad. Para que á hora de realizar reequipamentos, evitar actos de equipamientos que non sexan en inox, etc. que teñan un criterio unificado.*

- *Experiencia como aperturistas o equipadores en el Faro de Budiño. Para que á hora de valorar, non sucedan erros de equipamento que incidan na seguridade ou na forma de facer a vía, e que non se modifique o seu carácter.*

Cumpliendo estos requisitos se garantiza un criterio coherente y una opción respetuosa hacia todos los estilos y hacia la propia escalada.

El comité tendría las siguientes responsabilidades:

- *Creación de un informe del estado actual de todas las vías clásicas del Faro de Budiño, el contenido de su equipamiento, estado de limpieza y otras observaciones.*

